

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA DA XUNTA DE GALICIA E A DIOCESE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA PARA A POSTA A DISPOSICIÓN DOS TERREOS E INMOBLES NECESARIOS PARA A EXECUCIÓN DAS ACTUACIÓNS DE CONSERVACIÓN E RESTAURACIÓN DOS INMOBLES ECLESIASTICOS INCLUÍDOS NO ANEXO DE INTERVENCIÓNS VINCULADAS AO PRESENTE CONVENIO

Santiago de Compostela, 3 agosto de 2018

REUNIDOS

Dunha parte, D. Román Rodríguez González, actuando en representación da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, en virtude do seu cargo de conselleiro, en exercicio das facultades que lle confire o artigo 34 da Lei 1/1983, de 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia, así como o artigo 2º da Resolución de 8 de abril de 1991, pola que se fai público o acordo do Consello da Xunta de Galicia de 27 de marzo de 1991 sobre convenios de cooperación con outros entes públicos e de colaboración con particulares.

Doutra, Sr. D. Julián Barrio Barrio, actuando en representación da Diocese de Santiago de Compostela, en virtude da súa condición de arcebispo, titular e responsable da diocese.

Todas as partes teñen plena capacidade para levar adiante o presente convenio de cooperación e por tanto,

EXPOÑEN

Primeiro: Que a Xunta de Galicia asume a xestión das funcións sobre o patrimonio cultural en virtude do Real decreto 2434/1982, do 24 de xullo, sobre traspaso de funcións do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de cultura, de acordo co establecido no artigo 27.18 do Estatuto de Autonomía, en consonancia co estipulado no artigo 148.1.16 da Constitución Española, ámbito desenvolvido na Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia.

Segundo: Que conforme o artigo 4º do *“Convenio de Colaboración entre os bispos das dioceses que comprenden o territorio da Comunidade Autónoma de Galicia e a Xunta de Galicia, co fin de garantir a conservación e fomentar ou promover o enriquecemento do patrimonio artístico e documental da Igrexa”*, formalizado polo “Acordo marco entre a Xunta de Galicia e os bispos das dioceses que comprende o territorio da Comunidade Autónoma de Galicia” asinado o 17 de abril de 1985, a Xunta de Galicia conforme as súas dotacións orzamentarias, asume o compromiso de contribuír ás necesidades de conservación,

mellora e adecuada protección do patrimonio artístico e histórico propiedade da Igrexa Católica, así como de subvencionar ou dotar, no seu caso, os convenientes medios persoais e técnicos para a súa eficiente utilización pública.

Terceiro: Que a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, dentro dos ámbitos da súa competencia, ten establecido un plan de investimentos a realizar co obxecto de conservar, restaurar e poñer en valor o patrimonio cultural de Galicia, colaborando así cos seus propietarios e xestores, que se comprometen a poñer a disposición da sociedade o seu patrimonio cultural e a mantelo e a utilizalo de forma axeitada para garantir a conservación dos valores culturais que xustificaron a súa protección.

Cuarto: Que a Igrexa Católica é a titular do seu patrimonio histórico, artístico e documental que se pon a servizo da sociedade, titularidade que, a tenor da Constitución Española e do Estatuto de Autonomía de Galicia e do resto da lexislación aplicable, a Xunta de Galicia reconece, así como a súa natureza e finalidade relixiosa e o uso relixioso dos mesmos que se desenvolve de forma compatible coa función cultural que posúe o devandito patrimonio.

Quinto: Que a Diocese de Santiago de Compostela ten a facultade de poñer a disposición da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria os bens culturais que se relacionan no Anexo de Intervencións que acompaña ao presente convenio. Entre estes bens pódense atopar edificios, retablos, pinturas murais e outros bens artísticos de natureza inmobile, posuidores de valor cultural e protexidos ao seren considerados de interese relevante para a permanencia e a identidade da cultura galega a través do tempo.

Por todo o exposto, as partes acordan subscribir un convenio de colaboración baseado nas seguintes

CLÁUSULAS

Primeira.- Obxecto do Convenio

O obxecto do presente convenio de colaboración é regular as bases de colaboración entre a Xunta de Galicia, a través da súa Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, e a Diocese de Santiago de Compostela para a **posta a disposición dos terreos e inmobles necesarios para a execución das actuacións de conservación e restauración dos inmobles eclesiásticos incluídos no anexo de intervencións vinculadas ao presente convenio.**

Para o desenvolvemento deste proxecto non é posible promover a concorrência pública, xa que o estado de deterioro progresivo dos inmobles incluídos nos listado de actuacións do presente convenio podería afectar aos elementos construtivos, estruturais ou funcionais dos inmobles ou as decoracións, policromías, capas de preparación ou soporte e estruturas dos bens artísticos, polo que é necesario a realización das actuacións descritas no anexo de intervencións e así evitar a perda destes bens integrantes do patrimonio

cultural de Galicia. Por outra banda, as intervencións obxecto do presente convenio están incluídas no *Plan estratéxico para a protección e conservación do patrimonio cultural de Galicia* da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural, dentro do obxectivo operativo *Conservar o patrimonio cultural galego*, que inclúe actuacións en catedrais, mosteiros, conventos, abadías, igrexas e patrimonio eclesiástico galego.

No Anexo de Intervencións que forma parte do presente convenio recóllese de forma ordenada a relación de inmobles sobre os que se ten previsto actuar, identificándoos e indicando para cada un deles o seu réxime de protección e o obxecto da actuación que se pretende desenvolver, así como os datos representativos do proxecto de restauración e obras para as que se acorda a posta a disposición dos terreos e inmobles.

Segunda.- Obrigas da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria

A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia, dentro das liñas de actuación que en materia de protección, conservación e posta en valor do patrimonio cultural, están sinaladas no seu programa de obxectivos, realizará as actuacións relacionadas no Anexo de Intervencións do presente Convenio, ou das sucesivas addendas, con cargo aos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma, en función das súas dispoñibilidades económicas e mediante a tramitación dos instrumentos xurídicos oportunos.

A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, conforme á lexislación de aplicación e á tramitación e procedementos establecidos para a contratación polas administracións públicas, supervisará e aprobará os proxectos e contratará as obras e servizos relacionados no Anexo de Intervencións do presente convenio.

A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria a través dos seus servizos técnicos e dos profesionais alleos contratados para realizar a dirección facultativa dos traballos, realizará o seguimento das obras e o control económico e técnico das mesmas.

A relación de obras recollidas no anexo así como a relación de inmobles eclesiásticos que van a ser obxecto das intervencións poden ser obxecto de modificación ao longo do período de vixencia do presente convenio, incorporando novos edificios, bens e intervencións ou retirando os xa incorporados nos que non sexa posible chegar a formalizar a contratación das obras. Estas variacións do listado incluído no Anexo de Intervencións serán recollidas en sucesivas addendas ao presente convenio que teñan por obxecto a actualización da lista de intervencións previstas ao abeiro do mesmo.

Para aqueles inmobles que se retiren do Anexo de Intervencións, a posta a disposición de terreos e inmobles necesarios para a execución da obra realizada polo titular do ben a favor da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria quedará sen efecto, non asumindo por isto a consellería ningún outro compromiso ou responsabilidade ante o propietario.

Terceira.- Obrigas da Diocese de Santiago de Compostela

Pola súa banda, a Diocese de Santiago de Compostela comprométese a autorizar a plena e libre dispoñibilidade dos terreos e inmobles necesarios a favor da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria para que esta poida acometer a execución das actuacións obxecto do presente convenio.

Unha vez rematadas as obras, a entidade titular asumirá a xestión, mantemento e conservación dos inmobles dos que sexa titular. Para estes efectos, unha vez recibidas as obras pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, poñerá no seu coñecemento, entendéndose que a citada comunicación determina o nacemento das obrigas previstas nesta cláusula.

Cuarta.- Comisión Paritaria

Coa finalidade de asegurar o cumprimento do presente convenio, créase unha comisión mixta de seguimento e control, integrada por dous membros de cada unha das partes. Esta comisión será a encargada de solucionar as controversias que se poidan suscitar na interpretación do convenio.

Quinta.- Resolución

O presente convenio resolverase polo incumprimento total ou parcial dalgunha das cláusulas que o regulan.

Sexta.- Vixencia

O presente convenio entrará en vigor o día da súa sinatura e estará vixente ata a completa finalización das obras a realizar sobre os inmobles obxecto da posta a disposición. En calquera caso, a duración do presente convenio será determinada e non superior aos catro anos, salvo que normativamente se prevea un prazo superior, de acordo co artigo 49.1 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

Sétima.- Réxime Xurídico

Este convenio ten natureza administrativa. As cuestións litixiosas xurdidas da aplicación do presente convenio, e non resoltas en vía administrativa, serán resoltas pola xurisdición contencioso-administrativa.

E en proba de conformidade cos termos do presente convenio, as partes comparecentes asínano e rubricano por duplicado exemplar no lugar e data expresados.

O conselleiro de Cultura,
Educación e Ordenación Universitaria

O arcebispo
da Diocese de Santiago de Compostela

Román Rodríguez González

Julián Barrio Barrio

ANEXO 1 DE ACTUACIÓNS VINCULADAS AO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA E A DIOCESE DE SANTIAGO

BEN: Basílica de santa María a Maior
SITUACIÓN: Avenida santa María, núm. 24, 36002 Pontevedra
PROTECCIÓN: O inmovble está protexido polo seu valor cultural ao ter a consideración de Ben de Interese Cultural segundo o que establece o decreto do 03.06.1931 (GAC do 04.06.1931) e o que se determina na disposición adicional primeira da Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia (DOG núm. 92 do 16.05.2016) e a disposición adicional primeira da Lei 16/1985, do 25 de xuño, do patrimonio histórico español (BOE núm. 296 do 11.12.1985)

ACTUACIÓN: PBE de actuacións de conservación, restauración e traballos de conservación preventiva na basílica de santa María a Maior de Pontevedra (exp. SAE: 2017/133)
INVERSIÓN ESTIMADA: 313.000,00 € (IVE incluído) PRAZO DE EXECUCIÓN: 4 meses

DESCRICIÓN:
A basílica de santa María a Maior de Pontevedra é un templo católico do que se iniciou a súa construción a finais do século XV ou principio do século XVI, de estilo gótico tardío-plateresco con influencias do estilo manuelino portugués e renacentista. Sitúase nunha zona alta do conxunto histórico da cidade, no que previamente existiu unha igrexa románica, dominando o río e aberta ao barrio da Moureira na que se asentaban os Mareantes cuxo gremio promoveu e costeou as súas obras. O gremio de Mareantes foi a entidade civil máis antiga de Pontevedra e o primeiro gremio do mar de España cun gran poder económico proveniente da pesca, os derivados como o peixe salgado (fundamentalmente a sardiña) e o aceite obtido do seu prensado. A pesares disto a envergadura do proxecto fixo que se tardaran ao redor de cen anos na súa construción e que tiveran que recibir axudas de fidalgos que construíron as súas propias capelas. O templo ten planta basilical con tres naves divididas en tres tramos, a central máis alta, cubertas por bóvedas de complicadas crucerías con múltiples claves historiadas e douradas. Varias capelas están acaroadas ás naves laterais. Na súa construción participaron destacados arquitectos e mestres de obra como Diego Gil, Cornelis de Holanda, Joao Noble ou o compostelán Domingo Fernández. Exteriormente destaca a súa fachada principal ao oeste obra dos mestres Cornelis de Holanda e Joao Noble, unha das xoias da arquitectura plateresca galega con estrutura de retablo pétreo con tres corpos abundantemente decorados. Existen certas diferenzas estilísticas nos motivos escultóricos deste retablo entre o lado da Epístola e a do Evanxeo debido á dobre autoría da fachada. Nela podemos ver a san Pedro e san Pablo, o resto de apóstolos, personaxes bíblicos e outros históricos como Cristóbal Colón ou Hernán Cortés. Por riba do rosetón sitúase a figura da Virxe da Asunción e rematando a fachada un Calvario e a cristería típica do estilo manuelino portugués. Á dereita desta fachada levántase a torre do campanario.

XUSTIFICACIÓN DA INTERVENCIÓN:
A falta de mantemento nestes últimos anos provocou a deterioración de certas partes, especialmente cubertas, canles de recollida de augas, cristería e carpinterías. A cuberta da nave ten moitas tellas rotas ou desprendidas, así como placas de fibrocemento desprazadas. Os canlóns están deteriorados e semellan estar mal dimensionados para o volume de auga que teñen que recoller. As cubertas das naves laterais presentan unha patoloxía similar. A impermeabilización das cubertas planas da torre do campanario así coma os sumidoiros están deteriorados e non cumpren coa súa función.

As vidreiras enchumbadas presentan desplomes e abombamentos.
As cristerías que culminan as fachadas da ábsida están distorsionadas e deterioradas en canto á súa morfoloxía e teñen ancoraxes puntuais para evitar o desplome das pezas. Estas ancoraxes son de ferro e presentan un estado de descomposición avanzado.

ACTUACIÓNS PROPOSTAS:

Para atallar as necesidades descritas acometeranse os traballos precisos que acaden o fin proposto. Estes traballos resúmense en:

- cambio da tella da cuberta e mellora dos canlóns de evacuación de pluviais
- restauración das carpinterías
- limpeza das fachadas da ábsida e fachada sur
- impermeabilización da cuberta da torre do campanario
- restauración da cristería de remate das fachadas.

BEN: Igrexa do mosteiro de san Xiao de Moraime	
SITUACIÓN: Moraime, 15125 Muxía (A Coruña)	
PROTECCIÓN: O conxunto denominado Igrexa e edificios do antigo mosteiro de san Xiao de Moraime está protexido polo seu valor cultural ao ter a consideración de Ben de Interese Cultural segundo o que establece o Decreto 2641 do 18.08.1972, polo que se declara ben de interese cultural coa categoría de conxunto histórico (BOE do 02.10.1972), o que determina a disposición adicional primeira da Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia (DOG núm. 92 do 16.05.2016) e a disposición adicional primeira da Lei 16/1985, do 25 de xuño, do patrimonio histórico español (BOE núm. 296 do 11.12.1985)	
ACTUACIÓN: PBE de conservación de fachadas oeste, este e sur da igrexa de san Xiao de Moraime (exp. SAE: 2017/142)	
INVERSIÓN ESTIMADA: 484.000,00 € (IVE incluído)	PRAZO DE EXECUCIÓN ESTIMADO: 6 meses

DESCRIPCIÓN:
Construída no século XII coas doazóns de Alfonso VII. Ten nave de planta basilical e cuberta a dúas augas. A fachada ten unha portada, protexida por un pórtico con tres arquivoltas semicirculares dispostas radialmente, apoiadas sobre tres pares de columnas acodilladas nas xambas. Na primeira arquivolta aparecen vinte e seis persoeiros, na segunda quince e na terceira catorce. Hai varias estatuas columna. O tímpano acolle varias figuras que representan persoeiros bíblicos e na clave aparece o Salvador. Flanqueando este conxunto están dous rosetóns e dúas ventás. Na portada meridional aparece representada a Última Cea no tímpano. Dúas torres desiguais, a de maior altura está coroada por unha lanterna hexagonal. Ten pinturas murais no interior que representan os sete pecados capitais. Foi un antigo mosteiro beneditino.

XUSTIFICACIÓN DA INTERVENCIÓN:
O escaso mantemento do inmovible contribuíu a que actualmente a igrexa siga presentado unha importante patoloxía. As cubertas están funcionando de forma adecuada pero aprécianse problemas derivados do mantemento nulo como son algunhas pezas deterioradas e encontros obstruídos que non permiten a correcta evacuación das augas pluviais. Os rexuntados e recheos de ocos nas fachadas oeste, leste e sur están executados toscamente e con morteiro de cemento. O obxectivo dos traballos é dar continuidade aos realizados en fases anteriores de rehabilitación da igrexa, centrándose agora nas intervencións necesarias de conservación das fachadas oeste, leste e sur incluíndo as portadas. Tamén cómpre sanear a cubrición existente e realizar actuacións no entorno inmediato que axuden a seguir mellorando o estado de conservación do monumento.

ACTUACIÓNS PROPOSTAS:
Para atallar as necesidades descritas acometeranse os traballos precisos que acaden o fin proposto. Estes traballos resúmense en: - eliminación dos morteiros de cemento existentes nas fachadas exteriores oeste, leste e sur substituíndoos por morteiros de cal, solución esta que axudará a mellorar as condicións de permeabilidade do muro polo que permitirá que sequen as fábricas e garantir a conservación das pinturas murais - limpeza en seco das fachadas de fábrica de cantería - reelaboración da cuberta e eliminación de humidades



- restauración de carpinterías
- formación de drenaxe no tramo da torre sur
 - restauración das campás da torre sur e colocación de escaleira para mantemento
 - mellora da zona axardinada e colocación de paneis informativos.

BEN: Igrexa de santa Baia de Nantes
SITUACIÓN: Nantes, núm. 15, 36969 Sanxenxo (Pontevedra)
PROTECCIÓN: O inmovble está protexido polo seu valor cultural ao estar recollido no catálogo do Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Sanxenxo aprobado o 27.02.2003 (BOP 20.03.2003) e o que determina a disposición adicional segunda da Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia (DOG núm. 92 do 16.05.2016)

ACTUACIÓN: PBE de obras de restauración da igrexa de santa Baia de Nantes, Sanxenxo (exp. SAE: 2017/113)	
INVERSIÓN ESTIMADA: 210.000,00 € (IVE incluído)	PRAZO DE EXECUCIÓN ESTIMADO: 6 meses

DESCRICIÓN:
A igrexa de santa Baia de Nantes é un templo proxectado polo arquitecto Alejandro de la Sota e construído no ano 1964 coa colaboración e participación directa dos veciños na obra. Este feito confírelle unha dimensión social especial e un valor arquitectónico no que se complementan as ideas do movemento moderno do autor coas achegas populares da zona, como o emprego dos perpiaños de granito nas fachadas e a tella curva na cuberta. Volumetricamente é totalmente fiel ao proxecto orixinal do arquitecto, se ben nunca chegou a construírse o pórtico perimétrico que rodeaba o adro e a cuberta do campanario fíxose en sentido contrario ao do proxecto. O edificio foi construído sobre as ruínas dunha igrexa románica preexistente. Interiormente responde aos criterios emanados do Concilio Vaticano II para os templos de nova planta onde se establece unha xerarquía encabezada polo altar e capela maior en conxunción coa nave do templo a modo de amplo auditorio bañado por luz cenital. A cuberta de estrutura metálica, que salva todo o espazo sen apoios intermedios, resólvese exteriormente con sucesivas cubertas a dúas augas, cuxos faldróns norte se convarten en lucernarios, de certa referencia industrial. A torre do campanario destaca na súa esquina noroeste.

XUSTIFICACIÓN DA INTERVENCIÓN:
A falta de mantemento e conservación adecuados provocou nos últimos anos filtracións de auga polas cubertas e torre do campanario, así coma deterioro da estrutura vista de formigón do campanario. Esta actuación pretende eliminar as filtracións de auga tanto pola cuberta coma polas fachadas, renovar o falso teito do interior cun material usado habitualmente por Alejandro de la Sota así coma evitar entrada da chuvia no campanario mediante celosía de lamas horizontais nos ocos do campanario. Tamén inclúe a drenaxe do pavimento da capela lateral. Son por tanto obras de conservación e mantemento que respectan a arquitectura orixinal desta singular obra.

ACTUACIÓNS PROPOSTAS:
Para atallar as necesidades descritas acometeranse os traballos precisos que acaden o fin proposto. Estes traballos resúmense en: - substitución do fibrocemento con amianto da cuberta actual por outro libre de amianto - substitución da tella cerámica existente por outra nova - substitución das placas translúcidas dos lucernarios - substitución das canles de fibrocemento da cuberta actuais de fibrocemento por outras novas de zinc - substitución do falso teito por outro de placas de viruta-cemento - reparacións puntuais das fachadas - impermeabilización dos forxados do campanario, recuperación dos faldróns da cuberta do proxecto de

Alejandro de la Sota, incorporación de celosía de lamas nos ocos do campanario e reparación da súa estrutura de formigón
- drenaxe e impermeabilización do chan da capela lateral e execución dunha canle de recollida de auga de chuvia na súa entrada dende o cemiterio.

BEN: Convento e igrexa de san Francisco de Betanzos

SITUACIÓN: Praza de Ana González, 15300 Betanzos (A Coruña)

PROTECCIÓN: O inmovible denominado Convento e igrexa de san Francisco está protexido polo seu valor cultural ao ter a consideración de Ben de Interese Cultural segundo o que establece a Real orde do 29.09.1919 (Gaceta do 07.10.1919) e o que se determina na disposición adicional primeira da Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia (DOG núm. 92 do 16.05.2016) e a disposición adicional primeira da Lei 16/1985, do 25 de xuño, do patrimonio histórico español (BOE núm. 296 do 11.12.1985)

ACTUACIÓN: PBE de actuacións de reparación e restauración na igrexa de san Francisco de Betanzos (exp. SAE: 2017/132)

INVERSIÓN ESTIMADA: 364.000,00 € (IVE incluído)

PRAZO DE EXECUCIÓN ESTIMADO: 4 meses

DESCRIPCIÓN:

A igrexa de san Francisco é unha igrexa gótica construída na segunda metade do século XVI. Ten planta de cruz latina cunha soa nave e ábsida poligonal. No seu interior destaca o conxunto escultórico formado polo sepulcro de Fernán Pérez de Andrade, que foi o fundador da igrexa, con outros quince sepulcros máis de membros desta familia.

XUSTIFICACIÓN DA INTERVENCIÓN:

A igrexa presenta unha patoloxía derivada de diversos problemas producidos pola entrada de auga en varios puntos e polo deterioro dos seus elementos de madeira.

Na cuberta prodúcese entradas de auga nos encontros entre os faldrons e os paramentos do corpo que cobre o cruceiro, nos encontros cos pinches e polo mal funcionamento do sistema de evacuación de augas. Estas entradas de humidade favorecen os ataques de fungos e insectos xilófagos na estrutura da cuberta e noutros elementos de madeira como o pavimento do coro.

Na cabeceira obsérvanse tamén manchas de humidade na parte inferior dos muros.

O estado de conservación das vidreiras das ventás da ábsida é deficiente.

Prevese que a actuación se poida executar en dúas fases, unha primeira onde se ataquen os danos máis importantes e de maior urxencia e unha segunda co resto dos traballos.

ACTUACIÓNS PROPOSTAS:

Para atallar as necesidades descritas acometeranse os traballos precisos que acaden o fin proposto. Estes traballos resúmense en:

- reparación das entradas de auga pola cuberta da igrexa incluíndo a substitución dos remates entre a cuberta e os paramentos e o sistema de evacuación de augas pluviais
- reparación da cuberta
- reparación das humidades da parte baixa dos muros da cabeceira
- Limpeza e rexuntados de fachadas nas zonas máis deterioradas

BEN: Igrexa de santa María do Porto (igreja vella)

SITUACIÓN: rúa Echegaray, 36900 Marín (Pontevedra)

PROTECCIÓN: O inmovible está protexido polo seu valor cultural ao estar recollido no catálogo do Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Marín aprobado o 27.06.2012 (DOG do 09.07.2012) e o que determina a disposición adicional segunda da Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia (DOG núm. 92 do 16.05.2016)

ACTUACIÓN: Obras de conservación e restauración na igrexa de santa María do Porto de Marín. Fase 1: actuacións exteriores (exp. SAE: 2017/217)

INVERSIÓN ESTIMADA: 175.000,00 € (IVE incluído)

PRAZO DE EXECUCIÓN ESTIMADO: 8 meses

DESCRICIÓN:

A igrexa de santa María do Porto ou igrexa Vella de Marín é unha construción de estilo barroco do século XVIII, situada sobre unha rocha no casco histórico de Marín preto do antigo porto.

Foi mandada construír polo Priorado de Oseira en 1603 sufrindo ao longo dos séculos diversas ampliacións ata o século XVIII no que se conclúen a fachada principal e o campanario.

Planta de cruz latina e cruceiro elevado con bóveda de cruzaría. Os brazos e a nave están cubertos con bóvedas de canón con casetóns.

Alberga seis retablos de estilo barroco (século XVIII) e neoclásico (século XIX) destacando os tres situados no cruceiro.

No exterior, a través dunha escalinata accédese á fachada co típico frontón e porta lintelada. Acolle no testeiro o escudo de Oseira.

XUSTIFICACIÓN DA INTERVENCIÓN:

No ano 2017 a Dirección Xeral do Patrimonio Cultural realizou obras de restauración das cubertas e cambio das carpinterías das fiestras para mellorar as condicións de humidade e ventilación do templo, exceptuando a torre do reloxo que é propiedade municipal.

Con esta actuación prevese eliminar as filtracións de auga a través das fachadas, restaurar aqueles elementos de cantería afectados pola meteorización da pedra, cambiar as portas exteriores moi deterioradas e redefinir os elementos da fachada sur afectados pola Lei da memoria histórica.

ACTUACIÓNS PROPOSTAS:

Para atallar as necesidades descritas acometeranse os traballos precisos que acaden o fin proposto. Estes traballos resúmense en:

- limpeza das fachadas con métodos non agresivos e consolidación puntual das fábricas
- restauración da portada da fachada principal e doutros elementos de cantería afectados pola meteorización da pedra
- novo rexuntado das fachadas con morteiro de cal
- restauración ou substitución das portas exteriores (segundo o seu estado de conservación)
- restauración das campás
- redefinición dos elementos da fachada sur para cumprir a Lei da memoria histórica eliminando os símbolos de enxalzamento do Franquismo e do enfrontamento e división, substituíndoos por símbolos evanxélicos.